



# CONTRA O IMPERIALISMO, PAZ E SOBERANÍA

No 1º de Maio, Día do Internacionalismo Proletario, desde Galiza facemos un berro mundial **CONTRA O IMPERIALISMO**, pola **PAZ E SOBERANÍA**, a nos mobilizar por un **TRABALLO DIGNO** e polos **DEREITOS**.

Son **reivindicacións feitas para Galiza e para todos os pobos do mundo**, de respecto a poder exercer a plena soberanía, o dereito de autodeterminación e a capacidade de decidir libremente.

Este ano, máis que nunca, chamamos a un día de loita porque o capitalismo neoliberal, **o imperialismo**, dirixido polos Estados Unidos, coa subordinación da Unión Europea, **está a apostar polo camiño da guerra** para a súa continuidade, imposto a través dunha rede de bases militares dos EUA e da OTAN, colocadas estratexicamente para acosar, intimidar e actuar, e promovendo tentativas golpistas, secuestrando presidentes, impondo bloqueos, sancións comerciais e aranceis aos Estados que non se sometan.

A este reforzo do papel imperial responden as ordes de **aumento do gasto militar** aos Estados integrados na OTAN **para alimentar a maquinaria de agresión aos pobos**, que se suman ás coñecidas invasións militares baixo a bandeira de accións humanitarias.

**O exterminio e xenocidio do pobo palestino** por Israel, decididamente apoiado polos EUA e a UE, é un exemplo de todo isto, como tamén as ameazas sobre Grenlandia, **as agresións sobre Venezuela, Irán, O Líbano** ou o reforzo do **criminal bloqueio a Cuba**.

Neste contexto, cando parecía que a suba dos prezos, nomeadamente dos alimentos e a enerxía, explosionada pola guerra de Ucraína, chegara ao seu límite, assistimos a unha **nova medra descontrolada dos prezos** pola guerra en Irán.

Berrar **NON Á GUERRA!** non é coherente con aumentar sen parar o gasto militar ou con facer apoloxía do militarismo e dos desfiles militares. No Estado español, no que levamos de ano, son **máis os millóns de euros destinados a gasto militar** que os miserentos orzamentos aprobados polo Goberno español e da Xunta de Galiza **para facer fronte ás consecuencias económicas e sociais da guerra**.

Non se pode repetir unha situación como a acontecida ao inicio da guerra da Ucraína, cos custos de bens e servizos básicos desbocados. **As grandes compañías** enerxéticas e do comercio da alimentación **seguen batendo récords de ganancias** mentres o acceso á cesta da compra e a vivenda son cada día misión imposible e de resultado incerto.



Todo isto nunha realidade xa marcada pola **extensión da precariedade laboral**, do traballo a tempo parcial, dos contratos fixos discontinuos, da temporalidade que segue existindo, por causa **das reformas laborais** deste Goberno español

e do anterior do PP. Se as condicións laborais e salariais estaban **empobrecendo a clase traballadora** e xerando máis discriminacións e desigualdades, **a actual carestía** da vida fai aumentar o **risco de pobreza**.

---

## Non pode ser que o pobo e as clases traballadoras sexamos quen paguemos a guerra

---

Desde a CIG exiximos un verdadeiro **Plan de Choque** para que, entre outras medidas, se poida **garantir o mantemento do poder adquisitivo dos salarios**, o cal tamén pasa porque na negociación colectiva intensifiquemos o conflito ante a patronal pero tamén na exixencia de que o Goberno eleve o Salario Mínimo Interprofesional até os 1.374,74 euros mensuais, acadando así o 60% do salario medio no Estado español, tal e como recomenda a Carta Social Europea, así como elimine o IPREM como indicador de referencia pública pasando a selo o SMI e que se aprobe unha Renda de Inserción Laboral e Social, en substitución do IMV, na contía do salario mínimo.

É imprescindible que, durante os anos 2026 e 2027, se garanta a **prohibición dos desafuzamentos**, a **conxelación** das cláusulas de actualización das rendas do **alugueiro** en todos os conceptos, a conxelación das **cláusulas nas hipotecas** variábeis e que non se apliquen as subas de xuros. E en paralelo, débese desenvolver un plan de acción urxente para a posta a disposición de todas as vivendas da SAREB e un **programa especial de axudas** conforme a criterios de renda para as unidades familiares con dificultades.

Reclamamos a urxente posta en marcha de medidas que garantan o **acceso aos combustíbeis** fixando prezos máximos da gasolina e o diésel (coa referencia dos existentes antes do 28 de febreiro),

**garantir a mobilidade** con medidas de reforzo das liñas e horarios do transporte público, camiñar á gratuidade total nos servizos de proximidade (tanto en tren como en autobús) e ampliar ao 50% os descontos nos desprazamentos de longa distancia.

Hai que poñer a **enerxía ao servizo do pobo** porque a descarbonización da economía e o desenvolvemento de renovábeis non está sendo xusto nin social nin territorialmente. **En Galiza espolian os nosos recursos e pagamos** igual de **cara a factura eléctrica**.

Así mesmo, cómpre unha **intervención e control públicos que garantan prezos populares** en produtos básicos de alimentación (pan, lácteos, ovos, carne, peixe, froita e produtos da horta etc.), con prezos xustos para quen produce, pero que actúe de forma decidida sobre as empresas que especulan co mercado dos alimentos, de forma especial sobre os grandes operadores do comercio de alimentación.

**Son tempos de mobilización** e compromiso nos centros de traballo e nas rúas para **gañar as loitas** que temos por diante, para irmos **construíndo poder popular** co que avanzar en dereitos ante a patronal e os gobernos. Está en xogo que poidamos **vivir e traballar dignamente na nosa Terra**, todas as persoas galegas de nacemento ou de orixe migrante que veñen ao noso país facer a súa vida.

---

## Mobilizacións: 1<sup>o</sup> de maio

---

**Compostela:** Praza Roxa, ás 12,30h.

**Ribeira:** Mercado Municipal, ás 12h.



Confederación Intersindical Galega

[www.cig.gal](http://www.cig.gal)